

EmpregoUDC

A ENTREVISTA DE TRABALLO: QUE É E CAL É O SEU OBXECTIVO

A entrevista de traballo é unha das probas de selección máis decisivas, pero tamén a máis subxectiva.

--**Dende o punto de vista da empresa**, é unha técnica que permite un encontro coas persoas candidatas a un posto de traballo e cuxo obxectivo é avaliar a súa competencia para o desempeñar con éxito.

--**Dende o punto de vista da persoa candidata** é unha oportunidade para demostrar que posúe as competencias que necesita a empresa, e obter finalmente un emprego.

a empresa

--**Avalía** e compara as persoas candidatas con relación a un perfil ideal do posto de traballo.

--**Valora** os puntos fortes e febles de cada persoa candidata.

--**Comproba** se o estilo de vida, as motivacións, o obxectivo profesional, personalidade...encaixan coa empresa.

--**Analiza** as propostas e potenciais aportacións, sobre todo se se presenta unha candidatura espontánea sen oferta previa (autocandidatura).

a persoa candidata

Debe demostrar que é a mellor candidatura:

Que posúe as aptitudes necesarias e que as súas motivacións, o seu obxectivo profesional, personalidade, expectativas e, en definitiva, as súas competencias profesionais son os máis axeitados para a empresa.